

Primeiro ciclo internacional de conferencias do Campus da Sustentabilidade



15 e 30
maio de 2018

O Campus da Sustentabilidade

O principal obxectivo do Campus da Sustentabilidade da Universidade da Coruña é consolidarse como un polo de excelencia rexional, nacional e internacional, co fortalecemento da excelencia investigadora e a transferencia de produtos e servizos que contribúan á transición cara á sustentabilidade, así como programas académicos internacionais especializados.

A aposta pola especialización fortalecerá as seguintes áreas de coñecemento:



Introdución

A sustentabilidade e o desenvolvemento sustentable son principios que forman parte dende hai tempo dos obxectivos políticos mundiais. Así, os **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable** (SDG, en inglés), postos en marcha no 2016 polas Nacións Unidas e acordados polos seus 193 Estados membros, implican un espírito de colaboración e pragmatismo para elixir as mellores opcións coa finalidade de mellorar a vida para as xeracións futuras.

Outra iniciativa política destacada no ámbito da sustentabilidade é a **Axenda Urbana da UE**, aprobada no 2016 e coa que se pretende axudar a que as áreas urbanas alcancen o máximo potencial para acadar os obxectivos da UE. Todo isto coa implicación das autoridades municipais no deseño das políticas dende un enfoque integrado e coordinado máis efectivo e contribuíndo á cohesión territorial e ao desenvolvemento sustentable.

A Universidade da Coruña quere comprometerse decididamente, dende os ámbitos da docencia, da investigación e a transferencia de resultados, co impulso da sustentabilidade do modelo de sociedade actual. De aí xorde a súa aposta pola especialización neste eido a través da posta en marcha deste Campus.

Como primeira iniciativa, o Campus da Sustentabilidade da Coruña inicia un ciclo de conferencias coa participación de especialistas internacionais en diferentes áreas de coñecemento que teñen relación coa sustentabilidade. Ademais, estas expertas e expertos coordinan centros de investigación e transferencia especializados e proxectos ou programas de investigación de grande envergadura e altamente interdisciplinares, que teñen testado modelos e produtos de transferencia de alto valor engadido para diferentes sectores sociais e empresariais.

Obxectivos

A través deste ciclo de conferencias preténdense alcanzar os seguintes obxectivos:

01. Dar a coñecer modelos exitosos de investigación innovadora así como os seus modelos de transferencia e colaboración estable, que son a base da súa gran reputación e credibilidade cara a organismos públicos e privados.

02. Dar a coñecer tendencias a nivel internacional no ámbito da planificación urbana, de estilos de vida e de procesos exitosos de transición urbana cara á sustentabilidade.

03. Coñecer o papel que nos procesos anteriores desempeña a innovación social e os procesos de gobernanza innovadora.

04. Achegar a referencia do traballo que se leva a cabo dende institucións líderes de investigación nestes campos e dos procesos de transferencia dos resultados dun xeito práctico na sociedade.

05. Facilitar o encontro entre docentes, persoal investigador, estudantes e todo o público xeral interesado en coñecer experiencias e iniciativas destacadas no ámbito da sustentabilidade.

Destinatarios

Profesorado e persoal investigador das ramas de coñecemento vinculadas coa sustentabilidade ou con interese na temática.

Estudantes de grao, mestrado e doutoramento con interese en ter un maior coñecemento da investigación actual e emerxente no eido da sustentabilidade. Toda persoa interesada na temática do ciclo de charlas.



15 MAIO
2018



Paraninfo,
Universidade da Coruña



30 MAIO
2018



Consello de Goberno,
Universidade da Coruña

09:30 h Benvida

10:00 h O Campus de Sustentabilidade e as súas prioridades

Julio Abalde, Reitor da Universidade da Coruña

10:20 h Modelos de comportamento e planificación
sustentable para cidades saudables

Jennifer Senick, Directora Executiva do Rutgers Center
for Green Building na Edward J. Bloustein School of
Urban Planning and Policy Development da
Universidade de Rutgers (Estados Unidos)

10:50 h Investigación e políticas para o ben común:
unha ollada dende o Reino Unido

Nick Pearce, Profesor de Política Pública e Director do
Institute for Policy Research da Universidade de Bath
(Reino Unido)

11:20 h Cambiando estilos de vida y comunidades: dinámicas
psicológicas y sociales en las transiciones hacia la
sostenibilidad

Adina Dumitru, Directora do Campus da
Sustentabilidade e Investigadora Sénior da
Universidade da Coruña

12:00 h Fin da xornada

09:30 h Benvida

10:00 h Acelerar as transicións urbanas cara á
sustentabilidade a través dunha gobernanza
innovadora

Niki Frantzeskaki, Profesora Asociada en Procesos de
Gobernanza de Transición Sustentable no Instituto de
investigación en Transicións - DRIFT, da Facultade de
Ciencias Sociais da Erasmus University Rotterdam

11:00 h Fin da xornada

Dra. Jennifer Senick



É Directora Executiva do Rutgers Center for Green Building na Edward J. Bloustein School of Urban Planning and Policy Development da Universidade de Rutgers (Estados Unidos). É experta nas áreas de desenvolvemento sustentable, na construción verde, no comportamento ambiental e nas tendencias na adopción e uso da tecnoloxía e de enfoques multidisciplinares na investigación e na avaliación do rendemento dos edificios. Forma parte de Environmental Design Research Association (EDRA), copreside a Sustainable Planning Design and Behavior Network e coordina a International Health Planning and Impact Assessment Initiatives da American Planning Association (APA). Imparte cursos en construción verde, planificación ambiental e saúde e economía urbana.

RUTGERS
THE STATE UNIVERSITY
OF NEW JERSEY

Dra. Niki Frantzeskaki



É Profesora Asociada en Procesos de Gobernanza de Transición Sustentable no Instituto de Investigación en Transicións - DRIFT, da Facultade de Ciencias Sociais da Erasmus University Rotterdam. Coordina proxectos de investigación no ámbito da gobernanza ambiental ou na transición urbana sustentable. Lidera e forma parte de numerosos proxectos de investigación europea entre os que se atopan Arts, Connecting Nature, Impressions, Gust, Gate, Resilient Europe e Enable. Publicou varios libros de referencia no ámbito das transicións urbanas, en editoriais como

Routledge, Cambridge University Press e Springer Nature. Tamén ten publicado numerosos artigos en revistas científicas e coordinou doce edicións especiais. Participou como líder experta na Plataforma de coprodución de innovación Unión Europea–Brasil.

**Erasmus
University
Rotterdam**

Erasmus

Dr. Nick Pearce



Profesor de Política Pública e Director do Institute for Policy Research da Universidade de Bath. Foi director de UK progressive think-tank, IPPR (2010-2015). Entre 2008 e 2010 foi responsable da No10 Downing St. Policy Unit, encargado do asesoramento político do primeiro ministro británico. Dirixe investigacións sobre a reforma comparativa do estado de benestar, a política británica e a teoría e práctica democráticas. O seu último libro é *Shadows of Empire: the Anglosphere in British Politics*.



Dra. Adina Dumitru



É Directora do Campus da Sustentabilidade e investigadora Sénior da Universidade da Coruña. A súa investigación céntrase nas dimensións psicolóxicas do cambio de estilo de vida sustentable, a relación entre estilos de vida e benestar, e na psicoloxía da innovación social, o empoderamento e a cohesión social. Lidera a participación da UDC en diferentes proxectos europeos do H2020 de grande escala, como son o Connecting Nature, Smartees e Transit. Previamente, xunto co profesor Ricardo García Mira, traballou como coordinadora científica no proxecto europeo Glamurs e Locaw.

Foi profesora asistente de Psicoloxía Social na Universidade de Timisoara (Romanía) e ten o MA in Political Science da Washington State University como Fulbright Junior Scholar.



